

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 12 de novembro de 2020

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 12/11/2020
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 12/11/2020
- III. [Informe da Directora](#)
- IV. Actas do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao, para os graos impartidos nesta Escola
- V. Novos procedementos de calidade *DO0301 Información pública e rendemento de contas* e *MC05 Medición da satisfacción dos grupos de interese*
- VI. Política e obxectivos de calidade do centro (*Anexo 4 do Manual de Calidade*)
- VII. Rexistro de calidade R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do PAT

Ábrese a sesión ás 12 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Constitución da Xunta de Escola para o curso 2020/2021.

A Directora indica que, en base aos datos proporcionados pola Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado, se producen os seguintes cambios na composición da Xunta de Escola para o curso 2020/2021:

- Altas no colectivo de profesorado con vinculación permanente:
 - Deive Herva, Francisco Javier
 - Rodríguez Liñares, Leandro
 - Rodríguez Rodríguez, Ana María
- Baixas no colectivo de profesorado con vinculación permanente:
 - Alonso Villar, Enrique Manuel
 - Álvarez Vázquez, Lino José
 - Díaz Vilariño, Lucía

- Díez Ferrer, José Bienvenido
- Moldes Menduiña, Ana Belén
- Morán González, Jorge Carlos
- Ogando Martínez, Ana
- Baixas no colectivo do estudantado:
 - Andrés Herguedas, Laura
 - Caride Pérez, Marta María
 - Pernas Rodríguez, Daniel
 - Rico Fuentes, Juan Jesús
 - Rodríguez Nistal, Víctor

A Directora agradece ás persoas que causan baixa a súa participación na Xunta de Escola e da a benvida as persoas que se incorporan a este órgano colexiado.

2. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, celebrada o día 23 de xullo de 2020.

O borrador da acta enviouse por correo electrónico xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola de acceso libre:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/xunta-de-escola/>

3. Informe da Directora.

O informe da Directora recóllese no [Anexo III](#).

4. Nomeamento, se procede, da nova Comisión de Divulgación.

A Directora presenta a seguinte proposta de Comisión para a promoción e difusión do centro:

Comisión de Divulgación	
Presidente	JOSÉ SANTIAGO POZO ANTONIO
Vocais	BIENVENIDO DIEZ FERRER
	SANTIAGO DOMÍNGUEZ BLANCO
	RAÚL FIGUEROA MARTÍNEZ

CARMEN FILGUEIRA SANCHEZ
IVÁN GARRIDO GONZÁLEZ
ANA LARRAÑAGA JANEIRO
ROI OTERO ALONSO
CARLOS PÉREZ COLLAZO
RAQUEL PÉREZ OROZCO
TERESA RIVAS BREA
BENITO VÁZQUEZ DORRÍO

A Xunta de Escola aproba por asentimento o nomeamento da nova Comisión de Divulgación.

5. Nomeamento, se procede, das novas Comisións de Compensación dos Graos para o curso académico 2020/2021.

A Directora sinala que hai que nomear unha Comisión de Compensación para cada un dos graos, presididas polas correspondentes persoas coordinadoras dos graos. A continuación procédese a efectuar o sorteo para designar os membros restantes (titulares e suplentes). Cede a palabra a Carmen Romo, que leva a cabo o sorteo. O resultado é o que se recolle nas seguintes táboas:

Comisión de Compensación do Grao en ERME		
Presidenta		COORDINADORA DO GRAO
Representantes do PDI	Vocais	JAVIER TABOADA CASTRO
		MARÍA ICIAR GOICOECHEA CASTAÑO
		JAVIER VIJANDE LÓPEZ
	Suplentes	ÁNGELES SAAVEDRA GONZÁLEZ
		ALFONSO MANDADO VÁZQUEZ
		ENRIQUE GRANADA ÁLVAREZ
Representantes do Alumnado	Vocal	CARMEN FILGUEIRA SÁNCHEZ
	Suplente	BELÉN PARENTE ARTIME

Comisión de Compensación do Grao en EE		
Presidente		COORDINADOR DO GRAO
Representantes do PDI	Vocais	JAVIER TABOADA CASTRO
		MARÍA ICIAR GOICOECHEA CASTAÑO
		JAVIER VIJANDE LÓPEZ
	Suplentes	ÁNGELES SAAVEDRA GONZÁLEZ
		ALFONSO MANDADO VÁZQUEZ
		ENRIQUE GRANADA ÁLVAREZ
Representantes do Alumnado	Vocal	BELÉN PARENTE ARTIME
	Suplente	CARMEN FILGUEIRA SÁNCHEZ

A Xunta de Escola aproba por asentimento o nomeamento das novas Comisións de Compensación dos Graos para o curso académico 2020/2021.

6. Ratificación, se procede, das actas do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao, para os graos impartidos nesta Escola.

A Directora sinala que, valorados os expedientes do alumnado que cumpre os requisitos para o Premio Extraordinario, no caso do Grao en Enxeñaría da Enerxía o mellor expediente corresponde a Matías Álvarez Rodríguez e no caso do Grao ERME a Antón Núñez Seoane.

A Xunta de Escola ratifica os acordos do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao, para os graos impartidos nesta Escola.

7. Aprobación, se procede, dos novos procedementos de calidade *DO0301 Información pública e rendemento de contas* e *MC05 Medición da satisfacción dos grupos de interese*

A Directora sinala que se trata de actualizacións de dous procedementos xa existentes. O novo procedemento de calidade “DO0301 Información pública e rendemento de contas” foi elaborado pola Área de Calidade o 31 abril de 2020 e validado pola Comisión de Calidade da UVIGO.

O novo procedemento de calidade “MC05 Medición da satisfacción dos grupos de interese” foi elaborado pola Área de Calidade o 30 de marzo de 2020 e validado pola Comisión de Calidade da UVIGO.

Os documentos marco dos novos procedementos foron adaptados pola Dirección para corrixir erratas e personalizalos á EEME e foron aprobados na Comisión de Calidade do 30 de outubro e se enviaron previamente aos membros da Xunta de Escola para a súa revisión. A Directora comenta brevemente o contido e estrutura de ambos procedementos.

O Coordinador de Calidade sinala que ambos procedementos se publicarán na web do centro e que, como consecuencia destes cambios, se actualizarán os nomes e índices dos procedementos nos anexos do Manual de Calidade: “Anexo 1. Listaxe de procedementos en vigor” e “Anexo 6. Mapa de procesos”.

A Xunta de Escola aproba por asentimento os novos procedementos.

8. Aprobación, se procede, da Política e obxectivos de calidade do centro (*Anexo 4 do Manual de Calidade*).

A Directora sinala que o Anexo 4 do Manual de Calidade recolle a “Política e obxectivos de calidade do centro”. A dinámica máis apropiada sería revisalo a partir do IRPD de cada curso proponendo unhas novas metas para o seguinte pero non se actualizou dende o ano 2016. Tendo en conta a data actual, propónse fixar unhas novas metas para o curso 2021/2022 e manter vixentes as actuais para o curso 2020/2021. A continuación comenta, para cada indicador, os resultados acadados nos últimos cursos, as metas actuais e as metas propostas. Aclara que algunhas das metas xa se revisaran con detalle no proceso de modificación dos graos do ano pasado e xa figuran nas correspondentes memorias de verificación. Sinala a incorporación dalgunha meta nova para algún indicador que non a tiña. Ademais indica que, na revisión dos obxectivos de calidade, xurdiu a necesidade de definir dous indicadores novos, específicos do centro, polo que habería que solicitarlos á Unidade de Análises e Programas e posteriormente actualizar o Panel de indicadores (registro de calidade “R1-DE02 P1”).

Comenta a motivación dos dous indicadores propostos e indica as súas definicións:

- *Porcentaxe de mulleres matriculadas en novo ingreso* só requiriría a desagregación por sexos dun indicador xa dispoñible no Portal de Transparencia (I04-AC). A inclusión deste indicador está motivada pola proposta de inclusión dun obxectivo novo, relativo ao número de mulleres matriculadas nas titulacións do centro.
- *Valoración agregada da materia TGF e TFM* requiriría a introdución dalgunha pregunta nas enquisas de satisfacción ás persoas egresadas ou a elaboración dunha enquisa propia (no marco do procedemento MC-05). Este indicador está motivado pola ausencia de valoración por parte do alumnado sobre o desenvolvemento das materias TFG e TFM.

Indica que o documento que se propón para súa valoración pola Xunta de Escola foi aprobado na Comisión de Calidade do centro o 30 de outubro.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a Política e obxectivos de calidade do centro.

A Directora agradece a Guillermo García o traballo realizado. Guillermo García intervéñ para agradecer a Ángeles Saavedra toda a documentación facilitada referente á anterior revisión dos obxectivos de calidade.

9. Aprobación, se procede, de outra documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora cede a palabra a Guillermo García, Coordinador de Calidade, quen sinala que na comisión de Calidade do 30 de outubro se aprobaron os seguintes rexistros de calidade:

- **R1-IA01 Necesidades de recursos e servizos**
- **R3-DO0201 P1 Informes de Coordinación das 3 titulacións do centro**
- **R4-DO0201 P1 Procedemento para o seguimento e control da docencia**
- **R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do PAT**

e indica que se propón a aprobación do último deles tamén na xunta de centro.

Aclara que na Comisión de Calidade falouse sobre a necesidade de actualizar o *Plan de Acción Titorial* do centro (registro *R1-DO0203 P1*), pero a recomendación da Área de Calidade é manter provisionalmente o PAT vixente e aprazar a súa modificación cara ao seguinte curso, unha vez que o novo procedemento *DO0203 Orientación ao estudantado* sexa aprobado no centro. O devandito procedemento xa está elaborado, inclúe un Modelo guía para o deseño do PAT-ANEA e se atopa unicamente pendente dunha revisión relativa a protección de datos.

A Directora comenta os principais aspectos recollidos no informe do PAT (que se enviou con antelación aos membros da Xunta de Escola), mencionando as dúbidas xurdidas sobre a súa utilidade nalgúns cursos ou titulacións.

A Xunta de Escola aproba por asentimento o Informe final de avaliación do PAT.

O Coordinador de Calidade lembra que, como consecuencia da aprobación de dous novos procedementos de calidade (punto 7 da orde do día), hai que actualizar os seus nomes e índices nos anexos do Manual de Calidade: Anexo 1. Listaxe de procedementos en vigor e Anexo 6. Mapa de procesos. Apróbanse por asentimento as actualizacións dos dous anexos.

A Directora agradece a Guillermo García o traballo realizado como Coordinador de Calidade do centro

10. Rogos e preguntas.

Pedro Arias intervén e comenta o problema das goteiras nos laboratorios 18 e 22, indicando que é un problema coñecido pero que segue sen solución. Lembra e roga se busque unha solución. Teresa Rivas se suma ao rogo; engade que sucede o mesmo nos despachos e lembra que enviou varias QSP. Javier Taboada indica que as goteiras e humidades chegan a provocar saltos dos diferenciais. A Directora recolle o rogo e indica que insistirá na solicitude de solución á quen corresponda..

Santiago Domínguez comenta o problema dos encerados dalgúns aulas; propón facer unha limpeza profunda e utilizar outras tizas. David Patiño responde que nalgúns casos é precisa a substitución do encerado e que vai estudar a posibilidade de cambiar algunha delas.

Carmen Filgueira comenta que os códigos QR das aulas M211 e M212 están deteriorados e habería que substituílos.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 20 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a doce de novembro de dous mil vinte.

Vº e Prace

A Directora

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 12/11/2020

Asunto: Convocatoria ordinaria de Xunta de Escola

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o xoves, 12 de novembro 2020, ás 11:30 horas en primeira convocatoria e ás 12:00 horas en segunda.

A reunión terá lugar na **Sala de Xuntas 1** da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e trataranse os seguintes puntos na orde do día:

1. Constitución da Xunta de Escola para o curso 2020/2021.
2. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 23 de xullo de 2020.
3. Informe da Directora.
4. Nomeamento, se procede, da nova Comisión de Divulgación.
5. Nomeamento, se procede, das novas Comisións de Compensación dos Graos para o curso académico 2020/2021.
6. Ratificación, se procede, das actas do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao, para os graos impartidos nesta Escola.
7. Aprobación, se procede, dos novos procedementos de calidade *DO0301 Información pública e rendemento de contas* e *MC05 Medición da satisfacción dos grupos de interese*.
8. Aprobación, se procede, da Política e obxectivos de calidade do centro (*Anexo 4 do Manual de Calidade*).
9. Aprobación, se procede, de outra documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
10. Rogos e preguntas.

Vigo, 5 de novembro de 2020

O Secretario

Guillermo García Lomba

(*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudiantado coa contrasinal 1DLD6QsL (eLe-De-ElE-De-6-Qu-ese-ElE) e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA



ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola do 12/11/2020

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 12/11/2020

Persoal Docente e Investigador

1. Alejano Monge, Leandro
2. Alonso Prieto, Elena
3. Araújo Fernández, María
4. Arias Sánchez, Pedro
5. Cabeza Simó, Marta
6. Conde Fontenla, Marcos
7. Deive Herva, Francisco Javier
8. Domínguez Santiago, Ángeles
9. Eguía Oller, Pablo
10. García Bastante, Fernando
11. García Lomba, Guillermo
12. Giráldez Pérez, Eduardo
13. Mandado Vázquez, Alfonso Modesto
14. Patiño Vilas, David
15. Pérez Pérez, M^a Carmen
16. Pozo Antonio, José Santiago
17. Rivas Brea, Teresa
18. Rodríguez Liñares, Leandro
19. Rodríguez Rodríguez, Ana María
20. Saavedra González, Ángeles
21. Taboada Castro, Javier
22. Vázquez Dorrión, José Benito
23. Vijande López, Javier
24. Villanueva Torres, Daniel

Alumnado

25. Alonso Rodríguez, Noelia
26. Casal Barreiro, Alejandro
27. Domínguez Blanco, Santiago
28. Filgueira Sánchez, Carmen
29. Montenegro Vázquez, Iván
30. Parente Artime, Belén
31. Santorum Ruíz, Héctor

Persoal de Administración e Servizos

32. Romo Pérez, M^a del Carmen

Desculparon a súa ausencia:

- Liz Marzán, Eduardo

ANEXO III

Informe da Directora

ANEXO IV

Actas do tribunal de Premio Extraordinario Fin de Grao, para
os graos impartidos nesta Escola

ANEXO V

Novos procedementos de calidade:

- a. *DO0301 Información pública e rendemento de contas*
- b. *MC05 Medición da satisfacción dos grupos de interese*

ANEXO VI

Política e obxectivos de calidade do centro (*Anexo 4 do
Manual de Calidade*)

ANEXO VII

Rexistro de calidade R2-DO0203 P1 Informe final de
avaliación do PAT